



Comunicado de Prensa da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética- PECEEM.

O World Mobile Congress é o escaparate mundial dunha vangarda tecnolóxica totalmente insegura, cuestionada polos científicos independentes e as resolucións de organismos e institucións europeas.

World Mobile Congress: escaparate dunha vangarda tecnolóxica totalmente insegura

Dende a **Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electro Magnética**, (PECEEM, máis de 120 entidades e 12 coordinadoras no estado español -[ver mapa](#)-), queremos denunciar ante a opinión pública a inacción do Ministerio de Sanidade fronte as reiteradas alertas lanzadas dende a Axencia Europea de Medio Ambiente, o Parlamento Europeo e a [Resolución 1815 do Consello de Europa](#). Nas mesmas recoméndase aos estados membros desenvolver campañas informativas sobre cómo minimizar os riscos destas novas tecnoloxías, reducindo as exposicións innecesarias ás radiacións electromagnéticas para protexer á poboación en xeral e especialmente aos sectores máis vulnerábeis, como a infancia. O obxectivo non é outro que diminuír a carga de enfermidade e as taxas de morte prematura asociadas ás mesmas, datos que evidencia a revisión do 2012 do [Informe Bioinitiative](#), documento de máxima referencia internacional da comunidade científica independente, apoiado pola [Axencia Europea de Medio Ambiente](#).

Preocúpanos de forma grave o aumento exponencial das fontes de radiacións electromagnéticas [clasificadas pola OMS como posibles carcinoxénicas](#), que a infancia e a mocidade utilicen cada vez con maior asiduidade e a idade máis nova produtos con tecnoloxía sen fíos e que eventos como o World Mobile Congress contribúan a seguir comercializando novos produtos que non seguiron un protocolo de seguridade acorde cos danos para a saúde asociados ao seu uso, feito totalmente inaceptábel, pois a carga da proba que demostre a inocuidade destes produtos debe recaer sobre a industria. Non queremos seguir pagando coa nosa saúde, como sucedeu co chumbo, o asbesto ou o DDT. As compañías teñen que demostrar máis aló de toda dubida que a súa tecnoloxía é inocua para as persoas, algo que se está incumprindo actualmente.

É por iso que esiximos que se cumpra o principio de precaución recollido na nosa [Lei Xeral de Saúde Pública](#) e que ha de ser aplicado nos casos en que os datos científicos son non concluíntes ou incertos, e máis cando unha



avaliación obxectiva preliminar permite sospeitar que existen motivos máis que razoables para temer efectos potencialmente perigosos para a saúde humana, como afirma unha sentenza do Tribunal Supremo de Murcia. En caso contrario, poderíase estar cometendo un delito a gran escala contra a saúde pública, posibilidade que deberían valorar as autoridades xudiciais competentes.

O World Mobile Congress móstranos unha poderosa industria coa capacidade de influír na toma de decisións políticas a través do traballo dos seus lobbies, unha industria que financia estudos científicos achega dos riscos da tecnoloxía que produce, unha "industria xeradora de dúbida", pois estes estudos, dado o conflito de intereses existente, non son imparciais, están enfocados a ocultar as verdadeiras repercusións e ignoran o risco sobre a saúde. O Consello de Europa, institución de máximo peso en materia de dereitos humanos, na súa [Resolución 1815](#), subliña estes conflitos de interese, a necesidade urxente de que os científicos que participan nos organismos oficiais coa misión de avaliar os riscos dos produtos antes do seu comercialización preserven unha verdadeira independencia e pide protección para estes científicos ante as presións da industria.

Esiximos ás autoridades competentes que realicen campañas informativas sobre o bo uso da tecnoloxía, como xa se está facendo [noutros países](#) (Francia, Reino Unido, Alemaña, Suecia, ...). Ata entón, como Plataforma Estatal, seguiremos difundindo esta información e as recomendacións das institucións e organismos europeos que nos representan democraticamente, unha información que está sendo ocultada e unhas recomendacións que están sendo ignoradas polos responsables de garantir a saúde pública.

"Esixir aos nosos gobernos que nos protexan. Previr é garantirlo, esquecelo é lamentalo".

Dende as distintas comunidades, 26 e 27 de febreiro de 2014

Polo grupo de coordinación da PECCEM:

Eduard Antequera (ENSALUT, coordinador en Cataluña da PECCEM):
93 456 25 32 mañanas / 93 40377 14 tardes

Rubén García (Plataforma Asturiana Escuela sin Wi-Fi, coordinador en Asturias da PECCEM): 98 581 10 70

<http://www.peccem.org> / <https://www.facebook.com/peccem>
coordinacion@peccem.org



Ver entidades que asinan este comunicado en Cataluña ↓

COORDINADORA
OBRERA SINDICAL



ASSOCIACIÓ
ENSALUT



ASSOCIACIÓN
ALMA CENTER



<http://espainetsalut.wordpress.com>

juntaensalut@gmail.com

<http://almacentercat.blogspot.com.es>

almacentercat@gmail.com

<http://cosub.wordpress.com/>

ub@sindicatcos.cat